

NOTIFICACIÓN ÁS FAMILIAS

HORARIO DE RECOLLIDA DE ALUMNADO NO CENTRO E SAÍDA DO TRANSPORTE ESCOLAR AO REMATAR A XORNADA ESCOLAR

Como consecuencia da adaptación do horario do servizo de comedor escolar para cumprir co “Plan de adaptación á situación Covid-19 no curso 2021/2022” é preciso establecer un novos horarios de recollida do alumnado **que non fai uso do servizo de transporte escolar, a partir do día 1 de outubro de 2021 e ata o 31 de maio de 2022**, e que serán os que deseguido se especifican:

Alumnado de E. Infantil e 1º/2º de EP non usuario do comedor	14:15 h
Alumnado de E. Infantil e 1º/2º de EP usuario do comedor	15:00 h
Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP non usuario do comedor	14:30 h
Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP usuario do comedor	16:00 h

HORARIO DE SAÍDA DENDE O CENTRO DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

16:00 h



MODIFICACIÓN DE PARADAS NO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR

O Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en Ourense informa ao centro da modificación de paradas no contrato XG692 **(LIÑA VERMELLA / AUTOS PÉREZ; E.G. FRANQUEIRA / QUINTIÁN 1)**

As paradas que sufrirán cambio de localización a partir do día **1 de outubro de 2021, venres**, son as que deseguido se especifican:

1. Parada denominada E.G. FRANQUEIRA, situada no número 27 desta rúa (coñecida tamén como Bar Breixo ou Azulejos López) pasa a denominarse **E.G. FRANQUEIRA-CENTRO CÍVICO** e o lugar de subida e baixada de escolares ao autobús do servizo de transporte será na **parada de autobús urbano situada onda o CENTRO CÍVICO (Latitude: 42.352613 Lonxitude: 7.877043)** no número 43 da Rúa E. Gómez Franqueira.

2. A parada denominada ESTACIÓN FERROCARRIL-MÁQUINA TREN, situada no número 4 da R./ Xesús Pousa pasa a denominarse **MÁQUINA DO TREN-PARADA BUS** e o lugar de subida e baixada de escolares ao autobús do servizo de transporte será na **parada de autobús urbano situada fronte a estación do tren (Latitude: 42.349816 Lonxitude: 7.872782)** na Rúa E. Gómez Franqueira.

O itinerario que seguirá o autobús deberá adaptarse a estas modificacións, non variando practicamente o horario de recollida e baixada dos usuarios do servizo de transporte nesta ruta.



**Parada bus
estación**

Nova parada MÁQUINA TREN-PARADA BUS



**Centro
Cívico**

**Nova parada E.G. FRANQUEIRA
CENTRO CÍVICO**

Ourense, 27 de setembro de 2021